EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 17 e 19 de decembro de 2014.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para reforma de distribución interior e apertura de ocos na fachada da nave con licenza 275/92, para industria de elaboración de pan e empanadas, en solo urbano na rúa dos Carpinteiros, número, 9; para a actuación en fachada do local sen uso definido sito na planta baixa do edificio con licenzas 94/96, 119/96 e 662/97, sito na ronda de Fingoi, número 109; e para reconstrución de cuberta de dúas edificacións auxiliares existentes de usos agrícolas, sendo as aliñacións e rasantes as resultantes do Decreto número 14007855 do 27 de agosto de 2014, no núcleo rural 39.3 Nadela-Seoane-Airexe-Pena, parroquia de San Xoán de Pena.

Acórdase exceptuar do cumprimento das Normas de habitabilidade de vivendas de Galiza 2010, a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Nazario Abel, número 67.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase autorizar a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a Servizos Sociais e apróbase a súa forma de compensación.

Así mesmo, acórdase autorizar a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Policía Local, durante o ano 2015, e apróbase a súa forma de compensación.

Código Seguro de verificación:7SdHTdcQuLxO7xmloK+yaQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	12/01/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	7SdHTdcQuLxO7xmloK+yaQ==	PÁGINA	1/2

7SdHTdcQuLxO7xmloK+yaQ==

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para o ano 2015 das tarifas para os tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa.

Así mesmo, acórdase aprobar a revisión de prezos, para actualización do contrato subscrito coa empresa adxudicataria da concesión de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, correspondentes ao canon contractual para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2013 e o 30 de xuño de 2014, á ampliación do servizo de recollida no convenio de data 03/02/99 para o período entre o 1 de febreiro de 2013 a 31 de xaneiro de 2014, á ampliación do servizo de recollida no convenio de data 02/09/02 dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2013 e á ampliación de diferentes servizos de limpeza e recollida que entrou en vigor o 1 de abril de 2007, para o período que vai do 1 de abril de 2014 a 31 de marzo de 2015.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:7SdHTdcQuLxO7xmloK+yaQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	12/01/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	7SdHTdcQuLxO7xmloK+yaQ==	PÁGINA	2/2

7SdHTdcQuLxO7xmloK+yaQ==